## DOCENTES:

**José Ignacio Suárez Soto. AN08997**
Especialista en Psicoloxía Clínica. Cursou o Máster en Psicoterapia Psicoanalítica Relacional, realizou a Diplomatura en Estudos Avanzados e é Experto en Psicoterapia Psicodinámica. Levou a cabo formación especializada en clínica grupal: psicoterapia de grupo na concepción operativa de grupo (Asociación de Psicoterapia Operativa Psicoanalítica). Realiza o seu labor clínico na Unidade de Saúde Mental Comunitaria de Jerez de la Frontera. Destaca por ter experiencia como docente nos anos 2015 e 2016 como profesor asociado da Universidade de Cádiz e actualmente como profesor do Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria da Universidade Loyola de Andalucía. Así mesmo, levou a cabo diversos seminarios no ámbito académico sobre o papel do psicólogo clínico no Sistema Nacional de Saúde. É titor de residentes MIR e PIR do Hospital de Jerez de la Frontera, desde maio de 2016 ata a actualidade. Realizou diversos traballos científicos relacionados coa metodoloxía de grupo operativo, tanto en adolescentes como en adultos.

**Laura Mantrana Ridruejo. AN03036**
Especialista en Psicoloxía Clínica. Realizou formación especializada en clínica grupal: psicoterapia de grupo na concepción operativa de grupo (Asociación de Psicoterapia Operativa Psicoanalítica). Desempeña o seu labor clínico na Unidade de Saúde Mental Comunitaria desde o ano 2001 ata a actualidade, con actividade terapéutica grupal desde 2003 en grupos de patoloxía psicótica, neurótica e trastornos de personalidade. Ademais participa no Programa de Formación docente de residentes de psicoloxía clínica, psiquiatría e enfermería especialista de saúde mental do Hospital Universitario Virgen de Valme, en diferentes temas clínicos, e en concreto, en formación en intervencións grupais dentro do sector público.

## OBXECTIVOS:

O obxectivo xeral deste curso é adquirir formación teórica e técnica no campo da intervención grupal. Adquisición de habilidades básicas no deseño, implementación e manexo de dispositivos grupais.

## METODOLOXÍA:

Exposicións teóricas. Activa e interactiva. Casos prácticos e traballo en grupo.


Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal


Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

# CURSO
# INICIACIÓN EN TEORÍA E TÉCNICA GRUPAL. MODELO DE GRUPO OPERATIVO

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do *Sistema Nacional de Salud*

Docentes:
**José Ignacio Suárez Soto**
**Laura Mantrana Ridruejo**

Organiza:
**Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

Coordinadora:
**Esther Reguera Rodríguez**

**DURACIÓN:**
12 horas.

**DATAS:**
5 e 6 de abril de 2019.

**LUGAR:**
Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

**Nº DE PRAZAS:**
40.

**HORARIO:**
Venres, 5 de abril de 17:00 a 21:00 horas e Sábado, 6 de abril de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

**PREZOS:**

| | |
|---|---|
| Psicólogos/as colexiados/as: | 56,00€ |
| Psicólogos/as colexiados/as socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde: | 28,00€ |
| Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego e estudantes de 4ºde Grao de Psicoloxía e Máster en Psicoloxía: | 28,00€ |
| Psicólogos/as non colexiados/as: | 112,00€ |

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiados e colexiadas desempregadas. Bases no seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

**INSCRICIÓN:**
Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición xunto co xustificante de ter realizado transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca:
Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.
O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.
Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.
Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.
Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.
Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais: Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual **e a tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía ou Máster en Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.
Último día de inscrición: **21 de marzo de 2019**

## PROGRAMA:

**Venres, 5 de abril**

De 17:00 a 17:30 horas: **Presentación. Encadre.**

De 17:30 a 18:00 horas: **Achegamento á teoría grupal. Oríxe. Proceso de desenvolvemento da Psicoloxía Grupal.**

De 18:00 a 18:15 horas: **Descanso.**

De 18:15 a 21:00 horas: **Do Psicanálise á Psicoloxía Social. Grupo Operativo. Clínica Grupal, traballo en grupo.**

**Sábado, 6 de abril**

De 09:00 a 11:45 horas: **Achegamento á técnica grupal. O grupo como instrumento de intervención. Teoría dos ámbitos.**

De 11:45 a 12:00 horas: **Descanso.**

De 12:00 a 14:00 horas: **Conceptos básicos no modelo de grupo operativo. Proceso e dinámica grupal. Encadre, tarefa, coordinación, adxudicación de roles emerxentes e transferenza e/ou contratransferenza grupal. Traballo en grupo.**

De 16:00 a 17:45 horas: **Deseño e implementación de grupos terapéuticos. Experiencias grupais en psicose. Experiencias grupais en neurose.**

De 17:45 a 18:00 horas: **Descanso.**

De 18:00 a 20:00 horas: **Traballo sobre as experiencias grupais das persoas asistentes ao taller. Discusión, debate, reflexións, elaboración e peche.**

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN
## CURSO INICIACIÓN EN TEORÍA E TÉCNICA GRUPAL. MODELO DE GRUPO OPERATIVO.

NOME E APELIDOS ..................

TFNO. .................. E-MAIL .................. Nº DE COLEXIADO/A ..................

ENDEREZO .................. CIDADE E C.P. ..................

PROFESIÓN .................. CENTRO DE TRABALLO .................. N.I.F ..................

☐ Socio/a da Sección de Psicoloxía e Saúde ☐ Solicita factura (achegar datos fiscais)

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á CONTA CORRENTE IBAN Nº ES64-2080-0316-2330-4000-8164 DE ABANCA

☐ Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio (No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro).

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.
Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservarémolos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal